CA1.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Expresar graficamente ideas xerais de xeito comprensible		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen se dirixe o texto.	Aplicar estratexias de writing		
CA1.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.	Expresar oralmente ideas xerais de xeito comprensible		
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Participar en situacións interactivas con achegas propias		
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	Aplicar estratexias comunicativas	TI	40
CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, así como polas linguas empregadas, participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Transmitir información entre diferentes soportes, rexistros e formatos		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias de mediación lingüística		
CA2.1 - Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Identificar semellanzas e diferenzas entre L1 e a lingua inglesa		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar estratexias, recursos e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira de forma creativa (combinándoos e xerando outros novos), con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Aplicar estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira		
CA2.3 - Rexistrar e analizar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando as estratexias máis eficaces para superalos e consolidar a aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe	Completar tarefas de planificación, reflexión e autoavaliación da aprendizaxe		
CA3.1 - Actuar de forma apropiada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propoñendo vías de solución para aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Actuar axeitadamente ante as diferenzas con outras culturas		
CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.	Valorar a importancia da diversidade cultural		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias de defensa e apreciación da diversidade lingüística e cultural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiáns. - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obriga e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto

Contidos

- (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.
- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación, sistema escolar e formación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociados aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente programación didáctica remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no decreto de currículo (Decreto 156/2022, do 15 de setembro; DOG do 26/09/2022), as cales se aplican ao longo do curso.

Así, pois, na materia de Inglés aplícase unha metodoloxía dinámica, interactiva e enriquecida coa contribución do uso das novas tecnoloxías. Ademais, tal e como indica o Consello de Europa no MCER, emprégase fundamentalmente un enfoque comunicativo para a aprendizaxe da lingua estranxeira. O emprego dunha metodoloxía comunicativa permite ao alumnado desenvolver unha adecuada competencia en comunicación lingüística e plurilingüe coa realización de distintas actividades da lingua (de xeito individual ou en parellas ou grupos) que abranguen a comprensión, a expresión, a interacción e a mediación, tanto escritas como orais. O enfoque das clases estará, por tanto, baseado no uso da lingua para comunicarse, intentando reproducir na aula contextos reais de uso con diferentes intencións comunicativas segundo as necesidades de cada momento. Con este fin, o profesorado axudarlle ao alumnado mediante a presentación previa de vocabulario, estruturas gramaticais, funcións e estratexias de comunicación que lles posibilate a realización das tarefas encomendadas (tanto escritas como orais).

Aprender unha lingua é probablemente un dos maiores retos aos que se enfronta o noso alumnado e por iso é importante implicalos dun xeito activo no proceso de ensino, axudándolles a reflexionar sobre o propio proceso de adquisición da lingua e favorecer que se interesen por unha cultura e visión da vida diferente da súa.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto dixital e interactivo do método "Options 4" da editorial Burlington Books
Libro de exercicios do método "Options 4" da editorial Burlington Books
Material adicional, dixital e impreso, de reforzo e ampliación de "Options 4 All-in-One Pack"
Material didáctico elaborado polo profesorado do departamento
Recursos na aula E-Dixgal e/ou aula virtual
Recursos audiovisuais auténticos: vídeos, cancións...
Recursos dispoñibles en páxinas web especializadas no ensino-aprendizaxe do inglés como lingua estranxeira: xogos, actividades interactivas...
Libros de lectura adaptados aos distintos niveis de competencia no idioma
Dicionarios

Os materiais e recursos didácticos utilizados serán variados, en formato dixital e impreso. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA, e terán un enfoque comunicativo.

Cómpre sinalar que tanto a aula de idiomas como as aulas de referencia dos grupos contan cun ordenador para o profesor e encerado dixital táctil. Por tanto, usaranse os libros de texto e exercicios dixitalizados proxectados na pantalla para facilitar o visionado en común e axilizar a realización de exercicios e a súa corrección. Utilizaranse, así mesmo, os medios audiovisuais dispoñibles para a proxección de presentacións, documentais e páxinas web que mostren diferentes aspectos socioculturais dos países de fala inglesa. Isto considerámolo importante porque motiva ao alumnado e é unha forma atractiva e dinámica de darlles a coñecer a realidade con materiais auténticos. Tamén se traballará con cancións de actualidade para que os estudantes vexan que o inglés é algo próximo á súa vida cotiá.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar e comprenderá todas aquelas accións que permitan establecer o nivel de partida do alumnado na materia, así como identificar as súas necesidades de atención educativa, co fin de tomar decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

Así pois, co propósito de determinar os seus coñecementos previos e nivel de competencia en inglés, o alumnado realizará unha proba de diagnóstico nas primeiras sesións do curso. Ademais, o profesorado fará un seguimento do traballo diario dos alumnos/as a través da observación directa na aula mentres realizan distintas actividades e tarefas, así como a corrección de exercicios.

Unha lectura atenta dos resultados obtidos nos devanditos procedementos de avaliación inicial proporcionará ao profesorado información esencial sobre os alumnos/as e, en función dos resultados, poderá adoptar as medidas ordinarias de atención á diversidade que sexan necesarias co fin de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe:

- Reforzo e/ou ampliación daqueles contidos básicos ou imprescindibles de cursos anteriores, para así poder progresar adecuadamente na materia do presente curso.
- Adaptacións metodolóxicas.
- Traballo colaborativo en grupos heteroxéneos ou homoxéneos en función do obxectivo da actividade.
- Elección de materiais e recursos didácticos motivadores e inclusivos (DUA) que sexan axeitados ao nivel do alumnado e se adapten ás súas necesidades.
- Modificación da secuenciación e/ou temporalización dos contidos.
- Adaptación dos tempos e/ou instrumentos de avaliación.
- Reforzo educativo.
- Plan específico personalizado para o alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.
- Plan de reforzo para o alumnado que promocionou de curso coa materia de Inglés sen superar.

No caso de detectar algún alumno/a con serias dificultades de aprendizaxe, cun desfase curricular considerable ou con necesidades específicas de apoio educativo que lle impidan un progreso adecuado no seu grupo de referencia, valorarase a conveniencia e posibilidade de aplicar as seguintes medidas extraordinarias de atención á diversidade:

- Adaptación curricular individualizada na materia, seguindo as instrucións do Departamento de Orientación.
- De ser o caso, agrupamento específico autorizado na materia.
- Apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	4	8	8	15	15	25	25
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	60
Táboa de indicadores	40

Cráterios de cualificación:

A avaliación na materia de Lingua Inglesa será:

- Continua, xa que, cando o progreso dun alumno/a non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- Formativa, polo que será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

O alumnado superará a materia do curso cando supere a avaliación final cunha nota mínima de 5 puntos sobre 10. Para calcular a cualificación final da materia, realizarase a seguinte ponderación entre as notas obtidas en cada avaliación:

- A primeira avaliación terá un peso do 20% na cualificación final.
- A segunda avaliación terá un peso do 30% na cualificación final.
- A terceira avaliación terá un peso do 50% na cualificación final.

Debido ao carácter sumativo e acumulativo que presenta a aprendizaxe dunha lingua, a última avaliación será a de máis valor xa que inclúe todos os contidos traballados ao longo do curso.

Durante o curso haberá tres avaliacións parciais e a nota de cada unha delas obterase segundo as porcentaxes que de seguido se recollen:

- PROBAS: 90% (nesta porcentaxe avaliarase o "Bloque 1. Comunicación")

COMPRESIÓN ORAL (listening): 15%

Instrumentos de avaliación: Probas escritas de comprensión de textos orais con cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar, preguntas de resposta curta, etc.

COMPRESIÓN ESCRITA (reading): 15%

Instrumentos de avaliación: Probas escritas de comprensión lectora con cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar, preguntas de resposta curta, etc.

PRODUCCIÓN, INTERACCIÓN E MEDIACIÓN ORAL (speaking): 15%

Instrumentos de avaliación: Rúbrica/guía de corrección para as probas de expresión, interacción e mediación oral.

PRODUCCIÓN, INTERACCIÓN E MEDIACIÓN ESCRITA (writing & use of English): 45%

*Writing: 15%. Instrumentos de avaliación: Rúbrica/guía de corrección para as probas de expresión, interacción e mediación escrita.

*Use of English: 30%. Instrumentos de avaliación: Probas escritas con exercicios específicos de funcións comunicativas, unidades lingüísticas e léxico.

- ACTIVIDADES DE AULA E TAREFAS ENCOMENDADAS: 10% (nesta porcentaxe avaliarase o "Bloque 2. Plurilingüismo e reflexión sobre a aprendizaxe" e o "Bloque 3. Interculturalidade")

Instrumentos de avaliación: Rúbrica/guía de corrección, e lista de observación e cotexo.

ACLARACIÓNS E ESPECIFICIDADES

Os procedementos establecidos polo Departamento para superar a materia de Inglés son os seguintes:

A) O alumnado superará a materia en cada unha das avaliacións cando acade como mínimo 5 puntos sobre 10, obtidos do cómputo das distintas partes a avaliar tal e como está arriba detallado. Cómpre ter en conta que o redondeo realizarase a partir do 0,7, de tal xeito que os decimais por debaixo desta cifra redondean á baixa e os

decimais por riba poden redondear cara ao seguinte número enteiro. Por exemplo, un estudante que consiga un 5,7 levará un 6 no boletín de notas, mais se ten un 5,6 levará un 5.

B) En ningún caso o alumno/a se poderá negar a realizar algunha das probas correspondentes aos elementos a avaliar. É dicir, non se poderá negar a realizar un listening, un writing ou un reading, entregando o exame en branco, e pretender aprobar compensando coas restantes partes da materia.

C) Poderanse empregar gravacións de audio e/ou vídeo do alumnado para avaliar a destreza de produción, interacción e mediación oral (speaking).

D) Debido ao carácter sumativo que presenta a aprendizaxe dunha lingua, os exames incluírán todos os contidos que se traballaron ata ese momento, de xeito que as probas da 3ª avaliación incluírán os contidos traballados na 1ª e 2ª avaliacións. Isto implica que o alumnado que non supere a 1ª e/ou a 2ª avaliación deberá superar a avaliación final.

E) O feito de non realizar e/ou entregar algunha tarefa encomendada reducirá a puntuación do apartado de "actividades de aula e tarefas", tendo en conta que este apartado vale 1 punto sobre 10 na nota da avaliación. Se o alumno/a non presenta algún dos traballos de maior complexidade e extensión (redaccións, presentacións e proxectos) reducirase considerablemente a puntuación neste apartado (restando 0,2 por cada un destes traballos non presentados). A non realización dalgúnha do resto de tarefas (exercicios de tipo gramatical, léxico, etc.) tamén reducirá a puntuación deste apartado, aínda que en menor medida (restando 0,1 por cada tarefa non realizada). A falta de asistencia á clase do alumnado suporá a obriga de que este/a realice todas aquelas tarefas que se desenvolveran na súa ausencia, salvo casos de falta prolongada e xustificada.

F) Haberá un libro de lectura obrigatoria por curso, que será lido e avaliado durante a 2ª avaliación. De feito, a puntuación do apartado de comprensión escrita (reading) da 2ª avaliación estará integramente destinada á proba escrita de comprensión lectora do libro de lectura obrigatoria.

G) No caso de ausentarse a algunha proba ou parte do exame, o alumno/a ten dereito a que se lle examine noutro día unha vez que xustifique debidamente a súa falta mediante documentación oficial.

H) Durante a realización dos exames, o alumno/a deberá ter o teléfono móbil, reloxo intelixente ou calquera outro dispositivo electrónico con memoria no que se poida introducir texto apagado e debidamente gardado na súa mochila. Ter acendido e ao seu alcance o móbil, reloxo ou outro dispositivo electrónico non permitido pode ocasionar a anulación de dito exame.

I) O alumno/a que cometa un acto ilícito durante a realización dun exame quedaralle dito exame anulado, cunha nota de 0 e, por conseguinte, a avaliación suspensa. A modificación dun exame durante a súa revisión, en calquera circunstancia, será considerado acto ilícito.

LECTURAS OBRIGATORIAS E VOLUNTARIAS

O alumnado terá que ler o seguinte libro de lectura obrigatoria durante a 2ª avaliación: "The Curious Case of Benjamin Button", by F. Scott Fitzgerald (Burlington Activity Reader, ESO 4).

Con respecto ás lecturas voluntarias, aquel alumnado que así o decida poderá subir a nota obtida na 3ª avaliación mediante a lectura de un ou dous libros, a maiores da lectura obrigatoria. A lectura e comprensión destes libros de lectura voluntaria terá que ser acreditada mediante a entrega de actividades escritas, un traballo ou, se é o caso, a realización dunha proba escrita. En canto á puntuación outorgada, esta actividade de lectura extra será bonificada cunha subida na nota da 3ª avaliación de ata 0,5 puntos se len un libro ou ata 1 punto se len dous libros, sempre e cando a cualificación base acadada na 3ª avaliación sexa igual ou superior a 4 puntos.

Criterios de recuperación:

En caso de non superar a materia logo das tres avaliacións parciais, o alumnado terá a oportunidade, se o profesorado así o considera, de recuperar a materia realizando un exame final de recuperación en xuño. Dito exame será unha proba escrita na que o profesorado recollerá todos os contidos do curso. O baremo de cualificación da proba será:

- COMPRENSIÓN ESCRITA (reading): 25%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de

completar, preguntas de relacionar, preguntas de resposta curta, etc.

- PRODUCCIÓN ESCRITA (writing & use of English): 75%

*Writing: 25%. Instrumentos de avaliación: Rúbrica/guía de corrección.

*Use of English: 50%. Instrumentos de avaliación: Exercicios específicos de funcións comunicativas, unidades lingüísticas e léxico.

6. Medidas de atención á diversidade

Cómpre ter en conta que a mesma acción educativa exercida sobre o mesmo grupo de alumnos ten efectos diferentes en función dos coñecementos previos e nivel de competencia de cada un deles, os seus ritmos e estilos de aprendizaxe, e os seus intereses e motivacións. É por esta razón que o profesorado debemos adaptarnos ás peculiaridades do alumnado, modificando a metodoloxía e/ou os contidos, para que así todos os alumnos/as poidan alcanzar os obxectivos establecidos.

Como punto de partida, terase en conta os seguintes catro ámbitos de diversidade, non só á hora de avaliar senón tamén á hora de ensinar e planificar o proceso de ensino-aprendizaxe:

A) Diferentes niveis de competencia no idioma. Tal e como se indica no punto 5.1 desta programación didáctica, ao inicio do curso o profesorado levará a cabo unha avaliación inicial que lle permitirá detectar, por un lado, o grao de desenvolvemento das competencias en comunicación lingüística e plurilingüe do alumnado e os seus coñecementos previos no idioma e, por outro, aqueles alumnos/as con dificultades de aprendizaxe ou necesidades específicas de apoio educativo. Unha vez analizados os resultados obtidos na avaliación inicial, adoptaranse as medidas de atención á diversidade mencionadas anteriormente e que sexan as máis axeitadas para cada caso particular.

B) Diferentes ritmos de aprendizaxe. Cada alumno/a ten a súa propia capacidade e ritmo para aprender cousas e para retelas, e todos son capaces de alcanzar un nivel mínimo, independentemente do ritmo de traballo que poida ter cada quen. Por tanto, levarase a cabo unha reciclaxe continua de unidades lingüísticas e léxico en cada unidade, ofrecendo así amplas oportunidades de reforzo e práctica adicional aos alumnos/as con menor capacidade ou cun ritmo de aprendizaxe máis lento. Así mesmo, facilitarase a ampliación da materia a través de actividades de maior dificultade e/ou menor control por parte do profesorado para aqueles estudantes que aprenden máis rápido ou que teñen unha maior capacidade e nivel de competencia no idioma, de modo que poidan ampliar os coñecementos adquiridos dun xeito máis significativo e motivador.

C) Diferentes estilos de aprendizaxe. Existen moitos tipos de estudos sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma. Como é ben sabido, os alumnos/as poden ser impulsivos ou reflexivos cando se enfrontan ás súas tarefas escolares. Uns poden reaccionar moi rapidamente e, non obstante, necesitar varios intentos para asimilaren unha idea, mentres que outros poden traballar máis a conciencia e aprender máis amodo, conseguindo o mesmo resultado. Este factor será tido en conta dun modo sistemático, por exemplo, á hora de ensinar e practicar a linguaxe funcional, as unidades lingüísticas e o léxico.

Tamén se prestará unha atención especial á "modalidade sensorial preferente" do alumnado (visual, auditiva ou quinesiolóxica), é dicir, ás posibles formas de levar á práctica o aprendido. Por tanto, os materiais utilizados e as actividades deseñadas para cada unidade serán bastante variados nun intento de atender os distintos estilos e modos de aprendizaxe do alumnado. Ademais, algunhas actividades realizaranse de forma individual, mentres que outras serán levadas a cabo en parellas ou grupos, de xeito que se poida satisfacer as diferentes preferencias do alumnado.

D) Diferentes motivacións para aprender e intereses. A motivación do alumno/a para aprender é moi complexa, sobre todo tratándose dun idioma, xa que depende de varios factores: por unha banda, do historial de éxito ou de fracaso que teña ata ese momento e, por outra banda, do proceso de aprendizaxe seguido. Isto influirá notablemente tanto no nivel de motivacións individuais coma na forma máis lóxica e funcional de presentarlle todos os contidos da materia. Neste sentido, cómpre recordarlles e facerlles ver a importancia, necesidade e utilidade de aprender unha lingua estranxeira a día de hoxe.

O esforzo por aprender un idioma tamén varía moito duns alumnos a outros dependendo dos seus propios intereses. Por iso, ao longo das unidades do curso trataremos unha gran variedade de temas adaptados ás súas idades, experiencias e contorna, intentando que sexan de interese para a maioría do grupo de alumnos/as. Mesmo así, á medida que coñezamos en maior profundidade ao alumnado, poderemos modificar os temas propostos ou ampliar aqueles temas que lles resulten de maior interese. Ademais, as actividades das unidades serán bastante variadas coa intención de manter ao alumnado motivado e interesado na materia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual		X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Creatividade		X	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento de espírito crítico e científico		X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Igualdade de xénero			X				X
ET.10 - Emprendemento social e empresarial				X			
ET.11 - Acción polo clima				X		X	
ET.12 - Industria, innovación e infraestrutura		X			X	X	
ET.13 - Producción e consumo responsables		X					
ET.14 - Saúde e benestar		X	X	X	X		X
ET.15 - Vida de ecosistemas terrestres						X	
ET.16 - Traballo decente e crecemento económico			X				
ET.17 - Cidades e comunidades sustentables				X		X	
ET.18 - Fame cero				X			
ET.19 - Alianza para acadar os obxectivos					X		
ET.20 - Paz, xustiza e institucións sólidas							X

Observacións:

As unidades didácticas caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo e tamén os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable expostos na Axenda 2030. Así, pois, estes elementos transversais trabállanse de forma integrada a través dos temas seleccionados nas unidades, o contido dos textos e ilustracións, e as actividades propostas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
"Ugly Christmas Sweater Day"	Unha vez explicadas as tradicións de Nadal no mundo anglosaxón, entre as que figura a tradición cada vez máis estendida de levar posto un xersei ou suadoiro con cores e debuxos rechamantes, animaremos ao alumnado a acudir ao centro educativo co típico xersei feo de Nadal o último día lectivo antes das vacacións de Nadal. Trátase, por tanto, non só de dar a coñecer entre o alumnado algunhas das celebracións máis sinaladas pertencentes á cultura dos países de fala inglesa, senón tamén de promover unha actitude de respecto cara a outras culturas.	X		
"Oscars - Guess the Winner"	Un par de semanas antes da celebración da cerimonia de entrega dos Premios Oscar, dedicaremos algunha clase a falar de cinema, centrándonos sobre todo en películas en lingua inglesa xa que é a gran parte do cinema comercial actual. Realizaremos, ademais, un concurso no que deben intentar adiviñar os gañadores dos premios Oscar e entregaremos entradas de cine ao alumnado con maior número de acertos. Con esta actividade, pretendemos fomentar o visionado, no cine e en casa, de películas en versión orixinal.		X	

Observacións:

Estas actividades poderán verse modificadas segundo as circunstancias do curso. Así mesmo, poderanse programar outras actividades complementarias dende o propio Departamento de Inglés ou en colaboración con outros Departamentos, tales como visitas en grupo, charlas culturais ou representacións teatrais en lingua inglesa, sempre e cando as actividades propostas sexan adecuadas para acadar os obxectivos da nosa materia e non supoñan un custo económico excesivo para o centro e as familias.

Este curso, ademais, cando a Consellería de Educación publique a convocatoria para a xestión de probas de nivel lingüístico, solicitaremos a nosa participación e inscribiremos ao alumnado de 4º ESO que estea interesado en realizar as probas de certificación en lingua inglesa nos niveis B1, B2 ou C1 do MCERL (sempre e cando as instrucións da convocatoria así o permitan).

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecúo o deseño das unidades didácticas aos elementos do currículo.

Metodoloxía empregada
Incorpo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Presento actividades individuais, en parellas e en grupos encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou doutro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Medidas de atención á diversidade
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Adopto medidas curriculares e organizativas para atender ao alumnado con NEAE.
Clima de traballo na aula
Fomento a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informo ás familias do alumnado sobre os seus progresos e dificultades.
Outros
Presento actividades para introducir o tema e detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Fomento a animación á lectura e estratexias de comprensión lectora.
Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades propostas, proxectos e probas, ofrecéndolle pautas para mellorar.

Descrición:

Ao finalizar cada avaliación parcial, o profesorado responderá un cuestionario con estes indicadores de logro co fin de avaliar o proceso de ensinanza e a práctica docente, e así, de ser necesario, aplicar propostas de mellora. O grao de consecución será: sempre / ás veces / nunca.

Así mesmo, o alumnado realizará ao longo do curso unha enquisa similar con indicadores de logro para avaliar a práctica docente, o deseño das unidades, as actividades propostas, os materiais didácticos utilizados e a adecuación dos instrumentos de avaliación. Os resultados desta enquisa axudaranos a analizar e valorar o proceso de ensino-aprendizaxe, adoptando así as medidas necesarias para melloralo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación didáctica é imprescindible para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación será continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para mellorar os resultados obtidos e lograr unha adecuada consecución dos obxectivos e o conseguinte desenvolvemento das competencias clave asociadas.

Os membros do Departamento de Inglés reuniranse, como mínimo, unha vez ao mes para analizar e valorar o proceso de ensino-aprendizaxe e a marcha do curso: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, a adecuación dos ítems programados, a idoneidade da secuenciación dos contidos, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. O seguimento da programación tamén farase a través da aplicación informática PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas: temporalización, grao de cumprimento, propostas de mellora e outras observacións.

Na reunión de departamento posterior a cada sesión de avaliación levarase a cabo unha análise exhaustiva dos resultados obtidos polo alumnado de cada grupo mediante a confección da oportuna estatística, indagando ademais nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos. Trátase, por tanto, de que a avaliación sexa parte integrante da actividade cotiá da aula como mecanismo de reaxuste tanto da aprendizaxe do alumno/a como do propio proceso de ensino.

Na reunión de final de curso previa á elaboración da memoria final do departamento analizarase, ademais do grao de cumprimento da programación, a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, dos materiais didácticos usados, da secuenciación e temporalización das unidades, dos instrumentos de avaliación, dos criterios de cualificación, das medidas de atención á diversidade, etc., destacando posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados

1. Constancia de información ao alumnado

O alumnado debe coñecer os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e cualificación da materia que seguirá o profesorado. Por este motivo, ao inicio do curso cada profesor/a informará sobre estes aspectos a todos os alumnos/as dos seus grupos. Indicaráselles tamén que teñen á súa disposición, en calquera momento, un extracto da programación didáctica onde se reflicten ditos apartados. Así mesmo, a principio de curso colgarase un resumo dos criterios de cualificación e instrumentos de avaliación na aula virtual do grupo, para o coñecemento e consulta de todo o alumnado. Dita información tamén estará dispoñible na páxina do Departamento de Inglés na web do centro para o coñecemento dos pais, nais e resto da comunidade educativa.